

Flor da cantiga

No rico tesouro da literatura popular galega –creación secular do noso pobo- a cantiga (ou cántiga) ocupa o lugar preferente.

Cantigas que se cantaban nos fiadeiros, nas esolladas e seituradas, nas vendimas e demais labores agrícolas comunitarios.

Cantigas que se cantaban nas festas anuais, do Aninovo ao Nadal, nas romaxes e outras celebracións da vida campesiña.

Cantigas que se cantaban nas ruadas, nos parrafeos e nos desafíos de mozos e mozas entre a rexouba e o namoro.

Cantigas que os galegos seguimos a cantar aínda moitas veces en xuntanzas e festas.

Hainas de variadas rimas e ritmos, ledas e tristes, profundas e retranqueiras, de amor e de aguillón, saudosas e alegres, sinxelas e requintadas.

Testemuña da vida e das lideiras de xeracións, as nosas cantigas son tan diversas en estilo, contido e intención como diversa foi a xente que contribuíu, pedriña a pedriña, a erguer ese magnífico monumento.

Reflexo ás veces de épocas pasadas, moitas outras veces as cantigas son intemporais, válidas para calquera época, e, daquela, para este noso tempo, para a

vida actual. E mesmo se o seu momento estelar pasou, hai novas cantigas que se incorporan a ese acervo, como as dos *regueifeiros* que aínda perviven, as dos maios que aínda se celebran ou as do Entroido que sempre renace.

Traemos aquí, peneirado nas principais colleitas dos nosos folkloristas e etnógrafos, un feixe, un brazado de cantigas, nunha escolma por forza subxectiva, para ilustrar como moitas delas conservan incólume a súa fermosura, a súa retranscrición, o seu ferrete ou a súa mensaxe. Para que as utilizemos e as transmitamos. Ou para que as renovemos coa nosa aportación:

*Quíxen buscar un galano
pra lle dar á miña amiga
e o mellor que eu atopei
foi o da flor da cantiga*

CANTIGA POPULAR E LITERATURA DE AUTOR

As cantigas populares –coma os contos e os demais xéneros transmitidos pola tradición oral- tiveron inevitablemente autor. Non foi *o pobo* senón persoas concretas quen as compuxeron. Igualiño que a literatura “de autor”. O que acontece é que mentres esta conserva o texto establecido por escrito por quen a compuxo, os xéneros transmitidos oralmente –só de memoria- coñeceron variantes e versións que se foron introducindo co tempo. Chamámoslle literatura popular porque un pobo faina colectivamente súa e aporta anonimamente co paso dos anos esas variantes e incorporacións.

As primeiras publicacións da nosa poesía oral datan do século XVIII, en calidade de sinxelo acompañamento da poesía culta de autores como o cura de Fruíme ou de ilustración de viaxes e estudos de eruditos como Sarmiento e Sobreira. Será a partir da segunda metade do século XIX cando comezará o interese por ela propiamente, baixo unha óptica folclorística ou filolóxica. É desa época da que datan as primeiras grandes compilacións como as de Pérez Ballesteros, Saco e Arce e Valladares (aínda que estas dúas terán que agardar moitos anos para seren publicadas completas), compilacións que serán continuadas polos etnógrafos da Xeración Nós –nomeadamente Xaquín Lourenzo- e os estudos e monografías que chegan aos nosos días (Cabanillas, Fraguas, Rielo Carballo, Rico Vereas, etc.). Unha obra fundamental que recolle case todo o publicado nos séculos XVIII e XIX é a de Domingo Blanco Pérez *A poesía popular en Galicia*. Igualmente deste autor é unha utilísima *Historia da literatura popular galega*.

A xénese das nosas cantigas é, evidentemente, ben anterior á súa “presentación en sociedade” no século XVIII. No mesmo medievo hai nas composicións dos poetas dos cancioneiros ecos certos da poesía popular.

O diálogo entre a poesía de autor e a poesía popular é constante. Lembremos como Rosalía –ao igual que outros poetas doutras linguas- glosa cantigas tradicionais nos seus *Cantares Gallegos*. E como poesías escritas por Rosalía ou Curros pasarán á transmisión colectiva como pezas populares anónimas.

Eduardo Pondal improvisou un día:

*Cando Eduardo Pondal
a unha ventana se asoma,
sal narís, narís, narís,
e a cara de alí a unha hora*

O poeta, xa velleiro, seguramente tiña en mente unha cantiga popular

*Eu petei á túa porta,
e no mesmo punto e hora
saíume narís, narís,
e a cara de alí a unha hora*

A menos que non fose a improvisación do bardo bergantiñán a que prendese na memoria popular.

Escritores como o mencionado Marcial Valladares ou Victoriano Taibo compuxeron numerosas cantigas que logo pasaron ao pobo.

Nese diálogo entre poesía de autor e poesía popular, nesa influencia mutua: como interpretarmos esta cantiga cantada como parte do *Alalá de Muxía*?

*Nosa Señora da Barca,
Nosa Señora, valeime,
estou no medio do mare,
non hai barqueiro que reme*

Trátase dunha lembranza do coñecido poema de Mendiño (*E cercaron.mi as ondas do alto mar... Non hei barqueiro nen remador*), eco vivo a través dos séculos, ou dunha sorprendente coincidencia, casual produto da mesma angustia que inspira aos dous autores?

MÉTRICA, RIMA E RITMO DA CANTIGA POPULAR GALEGA

Pouco sabemos da poesía popular galega anterior ao século XVIII. Parece que abundaban os dísticos (ou pares de versos) de arte maior (e dicir, de máis de oito sílabas) e rima consoante, seguidos dun *retrouso*, un verso que se repite ao final de cada estrofa. Era frecuente neles o aire de muiñeira, baseado no ritmo ternario, a división do verso en dúas partes ou *hemistiquios* de cinco ou seis versos, e na acentuación característica (coincidente coa pronunciación oral da frase ou forzándoa, arrastrada pola música). Abundaban como procedementos estilísticos o *paralelismo* (repetición dun elemento ou dun verso na estrofa seguinte formando unha estrutura paralela) e o *leixaprén* (retomar para o comezo dunha estrofa un elemento ou verso da estrofa anterior).

Esta métrica, rima, ritmo e procedementos estilísticos están presentes nos nosos poetas medievais, como podemos ver nesta composición de Martín Códax:

*Mia irmana fremosa, treides comigo
a la igreja de Vigo, u é o mar salido,
e miraremos las ondas.*

*Mia irmana fremosa, treides de grado
a la igreja de Vigo, u é o mar levado,
e miraremos las ondas.*

*A la igreja de Vigo, u é o mar salido,
e verá i, mia madre, o meu amigo
e miraremos las ondas.*

*A la igreja de Vigo, u é o mar levado,
e verá i, mia madre, o meu amado
e miraremos las ondas.*

Posteriormente produciuse unha evolución na forma que fixo triunfar a estrofa de catro versos octosílabos con rima asoante nos pares e libre nos impares, forma denominada en Portugal *quadra*. Esta é a que en Galiza se coñece por antonomasia como *cantiga*. Existen na poesía oral galega outras estrofas de distinto número de versos, sílabas ou rima aínda que o predominio da devandita fíxose esmagador.

Con todo, falaremos brevemente da *triada*, terceto ou estrofa de tres versos na que riman en asonante o primeiro co terceiro. Esa estrofa acompañaba o *cantar de pandeiro* ou *ruada*, e algúns autores quixeron ver nela –ao parecer erradamente– a supervivencia dunha antiga estrofa celta. A triada é abundante, e moitas estrofas de catro versos son adaptación de triadas, normalmente pola repetición dun verso ao comezo aínda que tamén se pode repetir un elemento só ou incorporar un verso novo. Puidera ser tamén que a triada fose a redución da quarteta ou cuadra, pero o máis probable é o contrario.

Reproduciremos varias quartetas subliñando o verso introducido para mellor resaltar o terceto orixinal:

*Non chas quero, non chas quero,
castañas do teu magosto,
non chas quero, non chas quero,
que me cheiran ao chamosco*

*Canta a rula, canta a rula,
canta a rula naquel souto,
coitadiño do que espera
polo que está da man doutro*

*Dime ti, miña meniña,
o que pregunta non erra:
por botarlle un eixo ao carro
canto levan nesta terra?*

A *muiñeira* seguiu tendo gran presenza na literatura oral (non esquezamos que a maioría das cantigas cantábanse e bailábanse, é dicir, dependían da música) e moitas veces aparecen transcritos en versos de cinco ou seis sílabas (ou de cinco e mais de seis) os hemistiquios dos antigos dísticos de dez, once ou doce sílabas. Velaquí tres exemplos:

*Fun ao muiño
do meu compadre,
fun polo vento,
vin polo aire*

*Beiriña do río
choraba Tomasa,
que non tiña viño
dentro da cabaza*

*Cego casado
con nena bonita,
o susto do corpo
non se lle quita*

As cantigas de catro versos adoitan formar unha unidade. Por exemplo:

*O rei mandou unha carta
dentro dunha mazaroca:
que os casados beban viño
e os solteiros auga choca*

*Mariquiña, ti es o diaño
que me andas atentando:*

*quer no río, quer na fonte
sempre te encontro lavando*

Excepcionalmente, a unidade temática desenvólvese nun conxunto de dúas estrofas:

*Pasei pola túa porta,
erguín os ollos e vin
un letreiro que dicía:
“Ti non eres para min”.*

*Eu, como sabía ler,
quitei ese e puxen outro:
“Se eu non son para ti,
ti pra min non es tampouco”.*

Pode, dentro da cantiga, ter lugar un diálogo:

*-San Adrián é pedreiro,
pedreiro san Adrián.
-Non é tal, que é mariñeiro,
que ten a barca no mar.*

Existen xéneros baseados no intercambio de cantigas, como o *parrafeo*, no que un mozo e unha moza dialogan a través delas:

*-Á túa porta me tes
coma un feixe de leña,
agardando a resposta
que da túa boca veña.*

*-A resposta téñoa dada,
mociño, ti a dixeches,
se non sabes o camiño
torna por onde viñeches.*

*-O camiño de onde vin,
etc.*

Outro diálogo é o do *desafío*, disputa real ou finxida, no que dúas persoas ou membros dun bando e outro (participantes nunha *regueifa* ou mozos e mozas, por exemplo) se enviaban aguillóns e retranca:

*-Se querendes desafío,
pola punta do coitelo,
se querendes desafío,
mozas do pano marelo*

*-Se querendes desafío,
mozos das caras borradas,
se querendes desafío
levarendes polas barbas*

*-Se querendes desafío,
vámolo logo empezar,
etc.*

Nestes diálogos, ademais dos procedementos do paralelismo e o leixaprén, é moi usado o emprego dun patrón que serve de modelo para facilitar a improvisación. Así os que comezan por *Teño unha herba na horta que lle chaman...* Por exemplo:

*Teño unha herba na horta
que lle chaman aceruda,
o que se ha de pór comigo
ha de ter a lingua aguda*

*Teño unha herba na horta
que lle chaman amarola,
para te pores comigo
cómpreche un ano de escola*

*Teño na herba unha horta
que lle chaman a laverca,
inda te hei deixar quedar
cun palmo de boca aberta*

*Teño unha herba na horta
que lle chaman o desdén,
inda podías pagar
a quen te na casa ten*

Magnífica xoia da nosa cultura, a cantiga seguirá viva, repetida e recreada, cantada e musicada, bailada e recitada, mentres o pobo galego manteña a súa lingua e a súa capacidade lírica e expresiva, como fermosa contribución ao patrimonio cultural da Humanidade.

*O cantar do galeguiño
é un cantar que nunca acaba,
empeza por taílalíla
e síguese por taílalá*

O TEMPO E A NATUREZA

Ano novo, con ben veñas,
coma o sol entre as estrelas,
os cabritos coas cabras
e os años coas ovellas

Febreiriño corto,
cos teus vinteoito,
se duraras máis catro
non quedara can nin gato
nin ratiño no buraco
nin cornas ao carneiro
nin ovellas ao pregoeiro

Día de Entroido
e día de Pascua,
cada larpeiro
na súa casa!

Marzo marzán,
pola mañán cariña de rosa
e pola tarde cara de can!

Canta, cuco! Canta, cuco,
que xa cantou a bubela!
Cantan os bechiños todos
no tempo da primavera!

*Xa nace o trigo,
xa temos pan!
Xa canta o cuco,
xa temos vran!*

*Catro aves escollidas
son as que pasan o mar:
o cuco e máis a anduriña,
a rola e o paspallás*

*Na viga do meu sobrado
decote pon a anduriña,
dorme no niño de noite,
espértame polo día*

*A rola vaise queixando
que lle roubaron o niño.
Non o fixeras tí, rola,
tanto á beira do camiño!*

*A aquela pombiña branca
que está no fondo da eira
non lle me tíres o tiro,
que é a miña compañeira!*

*A perdís anda no monte,
o perdigón no valado,
a perdís anda dicindo:
“Ven acá meu namorado!”*

*Eu ben vín estar o moucho
enriba daquel penedo.
Non che teño medo, moucho!
moucho, non che teño medo!*

*-Quen son aqueles tres mozos
que van por aquel portelo?
-O lagarto e máis o sapo
e tamén o escaravello*

*O meu amor vai no porto
buscar unha caramuxa,
quen ten rabia que rabee,
quen ten catarro, que tusa*

*O camarón na súa cova
é un bicho moi valente,
máis en quedando durmido
déixase ir pola corrente.*

*Alá vai, vela alá vai,
a raposa polo prado,
alá vai, vela alá vai
co rabíño levantado!*

*A marrán, de tres semanas,
o cabritiño, dun mes,
a meniña, de quince anos,
e o galán, de vinte e tres*

A íauga pra nos lavare,
o leite pra nos nutrire,
o viño pra bendicire
e o mel para namorare

Aluméame, estreliña,
estreliña da fortuna!
Aluméame, estreliña,
En canto non ven a lúa

Vámonos de aquí, que é hora!
Vaíse o carro das estrelas
e eu non quero durmir fóra!

Eu pedínlle leite á vaca,
a vaca pedíume herba,
a herba pedíume prado,
o prado pedíume rega

Unha rosa de cen follas,
un caravel encarnado,
unha ponla de romeu,
fan amoroso regalo

Aparta, loureiro verde,
deixa clarear a lúa!
Estou perdido no monte,
non vexo cousa ningunha!

Por baixo da oliveira
dá gusto parrafear,
ten a follá miudíña
e non a fura o luar

A castaña no ourizo
eu ben vos sei o que fai:
se é que está verde, madura,
se é que está madura, caí

O carballo da portela
ten a follá revirada,
que lla revirou o vento
unha mañán de xeada

Ao carballo da portela
pónselle a follá vermella,
foi que veu por riba d'el
o demo d'unha centella

O carballo da portela
xa non ten follá ningunha,
que llas foi levando o vento,
todas, todas, unha a unha

O carballo da portela
ten tres carros de madeira,
un é teu, o outro meu
e o outro de quen o queira

*Teño unha casa no monte
con piñeiros de arredore
e unha fonte con salgueiros
onde canta o reiseñore*

AS NAIS E OS NENOS

Ao solíño que me quenta
heille de buscar o xeito:
cando raía estou na cama,
cando se pon xa me deito

Arrurrú, meu corazón,
cando sexas grande
fareiche un pantalón

Arrú, arrú, meu meniño,
arrú, arrú, meu rapás,
arrú, arrú, meu meniño,
ben arruadiño vas

As galiñas dan os ovos,
os ovos dan os pitiños,
das falas nacen amores,
dos amores os filliños

Calái, non facer barullo,
que está o meu neno,
estanlle saíndo os dentes
porque aínda é moi pequeno

Cando a falaren comezan
os meniños pequerrechos
só os entenden as nais
pois pra elas non hai segredos

Dúrmete, meu neno!
dúrmete, meu sol!
Dúrmete anaquíño
do meu corazón!

Entrái ben devagariño,
non vaiandes topexar,
que está durmindo o meniño,
non o fagandes chorar

Entre bicos e cantigas
heí durmir o meu neno,
farei namentra o traballo
que por faguer inda teño

Este neno ten soniño,
ten ganiñas de durmir,
ten un ollíño pechado,
outro non o pode abrir

Meniño, meu amantiño,
dúrmete e non chores máis,
que inda teñen que faguere
moito traballo teus país

Miña boca que te abres
con ganiñas de te abrir,
ou é sinal que tes fame
ou é que queres durmir

*Miña meniña é aguda,
coma ela outra non hai,
inda non ten oito meses
e xa fala coa súa nai*

*Non te troco, meu meniño,
non te troco, meu amor,
nin pola prata da lúa
nin polo ouro do sol*

*O laranxo cando nace
a follá pequena ten,
pequeniño é meu amor
e máis eu quérolle ben*

*O meniño quer durmir,
súa nai está cantando,
durme, meu ruliño, durme,
que eu che estarei arrolando*

*Paxariños que voades
polas follas dos loureiros,
deixade durmir o neno,
que está no sono primeiro*

*Pedro Chosco é meu amigo
que me ven visitar,
cando Pedro Chosco ven,
horas son de me deitar*

*Teño eu unha filliña,
lísta coma un alfo é,
índa non me ten un ano
e xa anda polo pé*

*Miña nai, como é tan probe,
cando non ten que me dare
éncheme a cara de bicos
e despois rompe a chorare*

*Miña nai é unha rosa
e eu son filla da roseira.
Como me eu hei de apartar
de rosa que tanto cheira?*

*Miña nai, miña naiciña,
como a miña nai ningunha,
que me quentaba a cariña
co caloríño da súa*

*Moito quero a miña nai,
que lle debo obrigación,
que me trouxo nove meses
de par do seu corazón*

HUMOR E RETRANCA

*Aló enriba, non sei onde,
había non sei que santo,
que rezando non sei que
gañábase non sei canto*

*Aló na banda do río
ten meu paí un castiñeiro,
bota castañas no outono,
uvas no mes de xaneiro*

*Ao criado do gaiteiro
déronlle un oso a xantar,
dixo que se fora un can
tiña ben en que rillar*

*A túa muller, Farruco,
éche ben cumprimenteira,
co rabo dunha sardiña
comeu unha bola enteira*

*Cando meus sogros fan festa
dá gusto ser convidada:
meu sogro acaba co viño,
miña sogra coas talladas*

*Cando un pucheiro se creba
mércase na feira outro;
o meu Xan xa vos vai canso,
xa necesito home novo*

*Deiteime na miña cama,
durmin un sono lixeiro:
deiteime no mes de abril
e erguinme no de xaneiro*

*Do queixo non che me queixo,
que o queixo ben che me sabe,
queixome de quen mo vende
que non mo deixa de balde*

*Eu ben vin estar o cuco
enriba do paspallás,
se foi verdade ou mentira,
mira a min que se me dá!*

*Eu petei á túa porta
e no mesmo punto e hora
saíume narís, narís,
e a cara de alí a unha hora*

*Eu quería casare:
-Miña nai, non teño roupa!
-Casa, miña filla, casa!
Cunha perna tapa a outra!*

*Fun ao monte por sardiñas,
fun ao mar cargar de toxo,
polo monte fun nadando,
polo mar nun burro coxo*

Fun aos figos á pereira,
n'atopei senón cereixas,
veu o dono das mazáns:
“Deixa quedar as ameixas!”

Maríquiña, se che pesa
o amor que me tíveche,
dáme os bicos que che eu dei,
eu dareiche os que me deche

Miña nai deume unha tunda
e despois deume de bicos:
miña nai é garímosa
coma o bexato cos pítos

Miña nai é chocolate
e meu pai chocolateiro,
miña nai lambe as cazólas
e meu pai lambe os pucheiros

Miña nai e máis a túa
quedan no río berrando
por culpa dunha galíña
que ten amores cun galo

Miña nai matou un merlo
e meu pai unha paxara.
Alegría, meus irmáns,
que hoxe temos caldeirada!

*Miña nai, por me casare,
prometeume canto tiña,
e agora que me casei
pagoume cunha galiña*

*Miña nai ten unto vello
dun cocho que ha de matar,
tamén ten verzas na horta
das coles que ha de plantar*

*Na miña vida tal vín!
Na feira de Mentiráns:
unha cadela con pitos
e unha galiña con cans!*

*Non como verzas con unto
nin nabizas con aceite,
pra mín non hai cousa boa:
tamén me fai mal o leite!*

*Non xantei nin merendei
nin hoxe probei bocado
senón un bolo de trigo
que tiña medio ferrado*

*O carballo dá castañas,
o castiñeiro cereixas,
o pexegueiro da horta
está cargado de ameixas*

O corazón dunha pulga,
quen o soubera guísar!
Daba almorzo para catro,
merenda, cea e xantar!

O chasco e máis o carrizo
e máis o escaravello
andíveron aos moquetes
no medio do aparello

Onte mesmo, pola tarde,
unhas lérchas de veciñas
cortáronme o meu vestido.
E sen tomarme as medidas!

O píscio e máis a carriza
trataron unha bailada;
cando o píscio daba voltas
o carrizo punteaba

Os suspiros dunha mincha,
as bágoas dun mexillón,
os cantares dun percebe
fan chorar un camarón

O viño branco é meu primo,
o tinto é meu parente,
non hai festiña no mundo
onde o meu primo non entre

*Para deprender a xastre
moito che me hei de aplicar!
Pra tomar logo as medidas
moito abrazo che hei de dar!*

*Pasei pola túa porta
e guichei polo ferrollo,
a meiga de túa nai,
meteume un pau por un ollo*

*Ao almuerzo danme papas,
ao xantar papas me dan,
á merenda danme papas
e á cea papas sen pan*

*Podés falar o que queiras
e cantar o que che adoite,
cando ti dís que é de día
todos pensan que é de noite*

*Polo mar abaixo
vai unha tixela
chea de chourizos.
Quen me dera nela!*

*Polo mar abaixo
vai unha formiga
cunha man na testa
e outra na barriga*

*Polo río abaixo
vaí unha sartén,
vaí fritindo troitas,
han de saber ben!*

*-Preguiciña, queres pan?
-Sí, señora, se mo dan
-Poís vaí buscar o coitelo
-Aí, non, señora, non quero!*

*Púxenlle preito a un veciño
pola cuestión dun regueiro.
Perder, perdín canto tiña
pero amolar, amoleíno!*

*Quixen facer un cigarro
por non perder o costume
e reparei que non tiña
tabaco, papel nin lume*

*Se túa nai quere reis
a baralla tenche catro:
rei de ouros, rei de copas,
rei de espadas, rei de bastos*

*Ser solteiro é boa cousa
e ser casado tamén,
deixarei pra cando morra
saber o que me convén*

*Se tí víras o que eu vín
na feira de Monterroso!
Vinte e cinco xastres xuntos
dacabalo dun raposo!*

*Teño un xuramento feito
e máis heino de cumprir:
O día do meu enterro
non hei de cantar nin rír*

*Un piollo polo monte
vai vestido de encarnado,
co seu machadiño ao lombo
para cortar un carballo*

DISPUTAS E RETESÍA

Aínda che hei de botar unha,
aínda che hei de botar outra,
aínda che hei de botar unha
que che ha de queimar a roupa!

Asubía que vai vento!
Tamén eu asubíaba
cando era do teu tempo!

Asubíasme de lonxe
como a can que anda perdido,
eu non che son ningún can
que entenda por asubío!

Cara de pan barolento,
heiche de virar o coiro
co de fóra para dentro!

Castañas do teu magosto,
non chas quero, non chas quero,
que me saben ao chamosco!

Chamáchesme pera podre,
pera podre n'hei de ser,
que anque caía de madura
non has tí de me comer!

*Dís que me deixas por outra,
eu deso me alegrarei,
que se por outra me deixas
eu por outro te deixei*

*Dís que te vas, que te vas!
Xa te podías ter ido!
Se te foras hai un ano
xa te tería esquecido!*

*Fágoche a cama no río
coa cabeciña nun toxo!
Vaí de aí, barríga moura!
Mesmo me estás dando noxo!*

*Inda non es do meu gusto!
Inda non es do meu xeito!
Inda tu non es a dama
que na miña cama deíto!*

*Inda te heí de ver, bo mozo,
trabado de pés e mans,
cunha chocallá ao pescozo!*

*Inda vaias que non volvas!
Desaparecido sexas!
Inda che partan as pernas!
Pola mañán cego veñas!*

*Mociño que estás na porta,
espera máis un pouquiño!
Que está a cocer un corno,
comerás un bocadiño!*

*Moito miras para mín!
Moito me chiscas o ollo!
Teño moito que faguer,
non teño tempo para todo!*

*Nabizas do teu nabale,
non chas quero, non chas quero,
Que me poden facer male!*

*Non botes tanto por ela!
Non teñas tanta fachenda!
Á túa porta non chegan
tantos carretos de renda!*

*Non pensei que a herba verde
ao pé do río secase!
Non pensei que a túa lingua
tanto de mín murmurase!*

*Non teño medo aos teus dítos
nin medo do teu meigallo!
Que ando cunha vacaloura
e máis catro dentes de allo!*

*Non te quero, non te quero,
e máis na cara cho digo:
non me criaron meus país
pra me casaren contigo*

*O cariño que che teño
e máis o que che hai de ter
cabén na casca dun ovo
e aínda non o han encher*

*Os amores que tí tes
son os que eu olvideí!
Andas apañando os bagos
da viña que eu vendímeí!*

*Pensas que por seres rico
xa me tes na túa mau!
Moitas serdas ten o porco
e non pasa de marrau!*

*Quen me dera un ovo cru
para mollar en aceite,
pra lle dar a este lambón
que ten a cara do leite!*

*Salgueiro prende de póla,
ameneiro de raís;
amores que fostes doutro
xa para mín non servís!*

Tanto se me dá por ti,
cara de fregar as olas,
tanto se me dá por ti
como ao gato por cebolas!

Teño de plantar un pino
enriba do teu tellado,
cando o pino bote flores
estarei ao teu mandado

Teño na horta unha herba
que vai por riba do muro,
para contestar comigo
tes o bico fociñado

Tí botáchesme unha cántiga
e eu contesteiche ao momento,
se a túa traguía sal,
a miña leva pemento

Xa non che digo máis nada,
peteiro de garza fina,
ollos de gata raxada!

AMOR E AGARIMO

A follá do olmo vira
pero eu non hei virar,
a follá deixou o olmo,
eu a tí non te hei deixar

Aí tes o meu corazón,
se o queres matar ben podes,
pero como tí estás dentro,
tamén se o matas tí morres

A lúa vai encuberta,
a mín pouco se me dá,
que a lúa que me alumea
dentro do meu peito está

Amoriños collín
na beiriña do mar.
amoriños collín,
non os poído olvidar!

Á oliveira da serra
o vento lévalle a flor,
só a mín ninguén me leva
da beira do meu amor

Ao pasar pola botica
tiráronme cun límón,
o límón deume nos ollos,
o zume no corazón

*Aquela que ven aí
parece a miña primíña,
ten os ollíños castaños
e a boquiña vermelliña*

*A raía do sol, meniña,
na túa cama vai dar.
Que moito, pois, que te eu busque
cando te o sol vai buscar!*

*A raíz do toxo verde
é moi mala de arríncare;
os amoríños primeiros
son moi malos de olvídare*

*As estrelas corren, corren,
todas nunha carreiriña,
tamén corren os amores
da túa man para a miña*

*As estrelíñas do ceo
non son para comparar
coa rapaza feiticeira
que a mín me ha de namorar*

*A teu pai chámanlle o cuco,
á túa nai a cucaina,
a teus irmáns os cuquiños
e a tí a cucarandaina*

Baíla, nena! Baíla, nena,
e non deixes de bailare!
Que as estrelas tamén bailan
e non deixan de alumare!

Ben te vin estar no leito
envolta en panos de liño,
tiñas unha man no peito
sobre do corazonciño

Cando a lebre diga misa
e o raposo sexa frade,
daquela, meu queridíño,
que a nosa amizade acabe!

Cando as pedras deren gritos
e o sol parare de andar
e o mar non tivera auga,
heime de tí de apartar

Cando o sol da tarde bate
nos cristais da túa casa,
eles topacios parecen,
fogueiras en que se abrasa

Canta, miña queridíña!
Canta, que eu che axudarei!
Se non che axudar, meniña,
é que máis non poderei

*-Cantan os galos pra o día,
érguete, meu ben e vaíte!
-Como me hei de ir, queridíña?
Como me hei de ir e deixarte?*

*Canta tí, gorxa de xilgaro,
que a de merlo xa cantou,
o cantar é alegría,
eu sempre a cantar estou*

*Caravel, caraveliño!
Caravel, tan linda flor!
Caravel tu es bonito
pero é máis o meu amor!*

*Catro con cinco son nove,
para doce faltan tres,
se che faltei algún día
aquí me tes outra vez*

*Como se coleán as troítas no río!
Así se manea o teu corpo florido!
Como se coleán as troítas na íauga!
Así se manea o teu corpo, salada!*

*Costureiriña bonita,
dáme unha agullá de prata
para tirar unha espiña
do corazón, que me mata*

*Críate, vaíte criando,
rosa branca do xardín,
críate, vaíte criando,
que te crías para mín*

*Dáme da pera que comes!
Da mazán un bocadinho!
Da túa boca unha fala!
Do corazón un cariño!*

*Debaixo da auga nacen
cousiñas que saben ben,
eu tamén me vou criando
para o amparo de alguén*

*Dende a túa casa á miña
hai unha longa cadea,
toda chea de suspiros,
toda de suspiros chea*

*Dís que non quer túa nai,
tampouco non quere a miña,
en querendo tí e máis eu
temos a guerra vencida*

*Donaíréate, meniña,
donaíréate, meu ben,
dálle donaire a ese corpo
que o corpo donaire ten*

*Es branquiña coma o leite,
vermella coma o coral,
delgada de cintura
coma unha dama real*

*Eu ben cho dixeran, Maruxa,
cen veces cho teño dito:
quérote polos querereres
como as nais aos seus ruliños*

*Eu collín a flor do toxo,
que é a primeira que ven,
desde que te ameí a tí
non ameí a máis ninguén*

*Eu quíxera ser merliño
e ter o bico encarnado
para facer o meu niño
no teu cabelo dourado*

*Meniña do pelo rizo!
Nena do pelo rizado!
Dendes que faló contigo
andó tolo namorado!*

*Meus ollíños de pracer,
se nacemos un pra o outro,
que lle habemos de facer!*

Moreniña, moreniña,
morena coma unha amora!
Non sei que ten a morena
que a todo o mundo namora!

Namoreime da laranxa
porque ten a tona dura,
namoreime en tí, meniña,
porque che sentín cordura.

Non me tíres con pedriñas,
que me vas partír a louza!
Tírame moitos biquiños
desa boquiña preciosa!

Non te quero por ser rica,
que xa sei que non a es,
quérote por bonitiña
e pola lei que me tes

Non vín rosa tan cheirosa,
caravel tan encarnado,
nin cara tan feiticeira
como a que teño ao meu lado

O carballo dá bogallas,
o castiñeiro ourizos,
os ollos da miña nena
para mín sonche feitizos

O cariño que che eu teño
non é para ter a outro,
todas as horas te vexo,
todas me parecen pouco

Olvidarte a ti por outro
non o consinte o meu peito,
olvidar outro por ti
eso xa o teño feito

O mar dá bicos na area,
o orballo dá na flor,
todo o que se ama se bica:
dáme un bico, meu amor!

O meu corazón che mando
cunha chave para o abrir,
nín eu teño máis que darche
nín tí máis que me pedir

O río candó vai louro
é que leva moita terra,
tamén eu te levaría,
meníña, pra a miña beira

Os teus ollos, queridíña,
non son pequenos nín grandes:
son como cunchas vieiras
que andan nas costas de Rande

*Paxariño millarengo
que estás na punta do toxo,
moito me gustan a mín
as nenas do pelo roxo!*

*Por ben que o loureiro medre
ao ceo non ha chegar,
por ben amores que eu teña
a tí non te hei de olvidar*

*Prende, salgueiriño, prende,
beira da fonte serena!
Tamén os meus ollos prenden
no corazón d'unha nena!*

*Púxenme a contar estrelas
e eu a do norte deixei,
por ser a máis bonitiña
contigo cha comparei*

*Quen me dera verte sempre
trinta días cada mes!
Cada semana, seu día!
Cada día súa vez!*

*Quérote tanto, meniña,
quérote tanto, rapaza,
que o día que non te vexo
eu non sei o que me pasa*

Repoliño repolado!
Quen che me dera, repolo,
na miña horta plantado!

Se chove deixa que chova,
se orballa deixa orballar,
que eu ben sei dun abriguiño
onde me heí ir abrigar

Se queres que a lúa brille,
pecha os ollos, meu amor,
que mentres os tes abertos
a lúa pensa que hai sol

Se soubera que tí dabas
pasadiñas por me ver,
tamén palabra che eu dera
de outros amores non ter

Teño lanchas, teño redes,
teño sardiñas no mare,
teño unha nena bonita:
pra que quero traballare?

Teño fame, teño sede,
non é de pan nin de viño.
Teño fame dun abrazo!
Teño sede dun biquiño!

*Tes os dentes tan pequenos
como areíñas de sal,
desde aquí están parecendo
bocadinhos de cristal*

*Tes un caravel na boca
e os dentes son as follíñas,
e os teus ollos, meu amor,
inda han ser prendas miñas*

*Tes uns ollíños na cara
que son líñas de bordar:
nacemos un para o outro,
que lle habemos de esperar!*

*Unha pera, dúas peras,
non tiña máis a pereira:
unha pera para mín,
outra para a compañeira*

*Unha rosa non a queiras,
unha rosa non é nada:
íremos polas roseiras,
collerás unha manada*

*Unha vez caín no río,
outra vez caín no mar,
outra nos teus brazos, nena:
non me puíden levantar!*

Vamos eu e tí, meniña!
Vamos, vamos, tí e máis eu!
Vamos eu e tí, meniña,
coller a flor do romeu!

Ven acá, sol dos meus ollos!
Ven acá, prenda querida!
Tí es un cravel encarnado!
Por tí perderei a vida!

Vente comigo, laranxa!
Vente comigo, limón!
Durmíras na miña cama
rente do meu corazón

Vinte vir polo camiño:
parecécheme unha rosa
no bico dun paxariño!

Vívan todas as mulleres,
as brancas e as moreniñas!
Eu, se me dan a escoller,
quedareime coas roxiñas!

TRISTURA E MÁGOA

Algún día algo, algo,
agora, malpocadiño,
xa non me queren as nenas
porque vou acabadiño

A rula que viudou
xurou de non ser casada,
nín pousar en ramo verde
nín beber en auga clara

Cada vez que consídero
que de tí me hei de apartar
énchenseme os ollos de auga
e o corazón de pesar

Cantá, cantá, paxariños,
que eu tamén moito canteí!
Vós aínda comezades,
eu de cantar acabei!

Canta, paxariño, canta,
que me morreu o amor!
Canta e dálle consolo
ao meu probe corazón!

Canta a rula naquel souto,
coitadiño do que espera
polo que está na man doutro!

*Estrelíña do luceiro,
quen ten amores non dorme
senón o sono primeiro!*

*Non sei se cante se chore,
A mín todo me dá pena:
se canto todo me esquece,
se choro todo me lembra*

*Paxaro que vas voando
e levas fío no bico,
traímo acó para coser
o meu corazón ferido!*

*Séntate nesta pedriña,
eu sentareíme nestoutra
e axudarásme a chorar
a nosa fortuna pouca.*

*Tres días hai que non como
senón bagoiñas por pan:
estes son os desenganos
que os teus amores me dan*

CAVILLACIÓNS E PENSAMENTOS

Alcípreste non se rega
porque na lentura nace,
amor firme non se esquece
por ben traballos que pase

A perdíz anda no monte
e todas as herbas come,
o abrazo d'unha nena
tres días mantén un home

A que se casa cun vello
non sei que graza lle atopa:
cando se deita dí "Aí!",
cando se ergue dí "Opa!"

A un tempo non pode ser
o ter e máis o gastar,
e que luza o sol na herba
e que chova no nabal!

Catro cousas quere o amo
do criado que o serve:
tarde á cama, erguerse cedo,
comer pouco e andar alegre

Coloradiña da cara
eu non a quixera ser,
que a mazán que é colorada
todos a queren comer

Con castañas asadas
foxe o friíño,
con pescada salpresa
n'hai ruín viño

Danse bicos os paxaros,
bícanse a terra e o mare:
aqueles que ben se queren
por que non se han de bicare?

Din que o amor é rogado,
eu non lle rogo a ningún
arrenego do amor
que a poder de rogos ven

Eu ben sei a quen díxeches
contos da noite pasada,
agora non has saber
da miña boca máis nada

Eu non quero ver tristeszas,
quero o sol á miña beira,
onde a sombra o pan non crece
nin dá rosas a roseira

E un regalo da vida
ao pé da auga morar:
vou beber, se teño sede,
e, se calor, vou nadar

*Felices os que se deitan
sen ansías en que pensar,
érguense porque espertan
e saben que han de almorzar*

*Funme deitar a durmir
ao pé da auga que corre,
e a auga foime dicindo:
“Quen ten amores non dorme”*

*Home de moita parola
gasta a forza en parolar,
e nín fai todo o que dí
nín tampouco dí o que fai*

*Hoxe eíquí, mañán alá,
pasadomañán na feira,
deste modo vai pasando
esta vida pasaxeira*

*Máis quero na miña porta
unha sílva que me pique
que ter unha mala lingua
que a miña conduta quíte*

*N’hai soberbia que non caía
nín pega sen mancha negra,
nín carne sen haber oso
nín macho sen haber femia*

O ben querer, meu Antón,
vaíche no mirar dos ollos,
vaíche na rísa da boca
e en ter pola noite soños

O bo tempo está no pote,
que en habendo de comer.
chova ou trone, vente ou neve,
ese bo tempíño é

O caravel cando nace
bota un cheiro que recende,
non hai cousa máis humilde
que un home cando pretende

O home de neno é rei
e de mozo capitán,
de casado pasa a burro
e de vello queda en can

O mar anda que desanda,
anda que desaparece,
quen ten amores non dorme,
quen non os ten adoece

O mar tamén ten amores,
o mar tamén ten muller:
está casado coa area,
dálle bicos cantos quer

O merlo canta na rama,
o peixe nada no mar,
o que vai camiño adiante:
que ha facer senón cantar?

O río cando vai cheo
leva carballos e follas,
tamén podía levar
as línguas marmuradoras

O zapato quere a media,
a media quere o zapato,
tamén a guapa meniña
quere un rapaciño guapo

Os cregos e os taberneiros
teñen moito parecido:
os cregos bautizan nenos
e os taberneiros o viño

Os homes, cando pretenden,
moito mel, moita manteiga,
e despois de casadíños
seica os ve algunha meiga

Polo río andan as lébres,
polo monte andan as troitas,
se che parecen mentiras
coma estas haiche moitas

*Por cantar, rir e bailar
nunca se perdeu ninguén,
perdeuse por murmurar
da vida de cada quen*

*Quen me dera estar tan alto
como a estrelíña do norte
para ver o que se pasa
na miña terra esta noite!*

*Quen me dera ter a mín
a gargantiña dun galó,
cantar coma un reiseñor,
falar coma un papagaio!*

*Quen ten amores non dorme,
quen non os ten adormece,
quen os ten ao lonxe chora,
quen os ten preto padece*

*Sei cantar e sei bailar,
sei facer o que quíxer,
tamén sei facer a risa
de quen a de mín fixer*

*Teño andado moito á caza,
nunca vín unha carriza:
non sei se era dos cás,
se era da miña preguiza*

*Teño pena e alegría,
as dúas cousas a un tempo,
coa pena case que morro,
a alegría dáme alento*

*Terche moito non convén,
tampouco convén ter moito,
pro cómpre, por eso, ter
sexa moito sexa pouco*

*Todos me dicen que teño,
que deí en entrístecer,
eu digo: “Non teño nada!
Algo xa quíxera ter!”*

CONSELLLOS

*Amoriño, non desprecies
o probe polo non ter,
que o rico pode faltar
e o probe non te querer*

*Andas como Xan do Monte
tirando pedras aos cans,
se queres saír de penas,
fala o que tes que falar*

*Cantái, meniñas, cantái
e alegrái o mundo todo!
Que as que non cantan nin bailan
están caíndo de sono!*

*Con xente que non coñezas
non gastes moita baralla,
porque se a gastas dirán
que algún xuízo che falta*

*Do que non sabes non fales,
que é mellor estar calado
que dicir barbaridades*

*Miña cuñadiña nova,
meu irmán éche pequeno,
se queres que medre logo
dálleme o almorzo cedo*

*Non digas que vai dereito
o cravo que torto entrou,
non digas que é carpinteiro
quen nunca táboa labrou*

*Non hai cantiga no mundo
que non teña o seu refrán,
nunca ninguén faga conta
senón do que ten na man*

*Non te cases sen miralo,
rapaces haiche ben deles,
todíños valen moi pouco:
sonche mellor as mulleres!*

*Non te poñas tan chatento,
que cada un sabe o seu:
ves o lixo nos meus ollos,
non ves a tranca nos teus*

*Palabriñas, palabriñas,
todo se volven palabras,
se buscas algo con elas
sáenche as contas furadas*

*Esta vai por despedida
na pela dunha mazán.
Non cantemos hoxe todo!
Deixemos para mañán!*

